

## **NOTA INFORMATIVA RECUPERACIÓN 2º TRIMESTRE:**

Todos aqueles alumnos e alumnas de 6º EP que teñan suspensa a segunda avaliación de Lingua Galega, deben centrarse en realizar estas actividades de recuperación. É moi importante que as fagades para poder recuperar o segundo trimestre desta materia.

Aínda así, realizade tamén a actividade de Lingua Galega proposta para esta semana que consiste en gravar un vídeo de 15 segundos e así poder participar na sorpresa. Tedes toda a información sobre esta tarefa nas actividades de Lingua Galega publicadas esta semana na páxina web do colexio.

A data límite para a entrega destas actividades de recuperación é o **ernes 15 de maio**.

Unha vez feitas, debedes envialas ao meu correo: [profeantia@gmail.com](mailto:profeantia@gmail.com)

Recordade que se facedes as actividades a ordenador podedes envialas directamente en word e pdf. No caso de facelas a man, enviade fotos revisando que se vexan ben.

Calquera dúbida, esribídeme un correo.

Ánimo, chicos e chicas!!

## 6º EP. Lingua Galega: Recuperación segundo trimestre.

Nome: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Localiza no texto catro palabras con acento diacrítico e explica a diferenza que hai entre elas e as súas parellas sen acento.

A noite pasada, Anxo non **deixaba** de planear a excursión do día seguinte á presa de San Estevo nos Canóns do Sil. Pasaba o tempo pensando: «oxalá **faga** bo!, cómpre que meta a cámara de fotos na mochila, non **sei** se levar un xersei ou non, debería levar os zapatos vellos para que non me molesten no pé...». Á hora de deitarse **tiña** todo totalmente preparado, mais **esquecera** o máis importante: pór o espertador así que, esta mañá, mentres os seus compañeiros agardaban impacientemente a que chegara, el durmía tranquilamente.



### 2. Escribe o acento diacrítico nas palabras que deban levalo:

- Se ves a miña casa e non ves a luz de fora acendida e que non estamos.
- Mariña e Ana curáronlle as as a unha pomba que atoparon ao pe da cerdeira.
- Saíu da casa con presa, mais non esqueceu por a alarma.
- Nos ves que o que ven pola estrada e o teu avó?

### 3. Localiza dous adverbios de modo que aparecen no texto e indica a regra que seguen para a súa formación.

### 4. Responde.

- En que modo están os verbos do texto? \_\_\_\_\_

- Para que se emprega cada un destes modos? \_\_\_\_\_

**5. Escribe a descripción dun espertador.**

---

---

---

---

**6. Define.**

- Soneto: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Romance: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**7. Ponles o acento gráfico ás palabras que o precisen e explica por que.**

Etico-cívico: \_\_\_\_\_

Videocámara: \_\_\_\_\_

Audiómetro: \_\_\_\_\_

Marítimo-pesqueiro: \_\_\_\_\_

**8. Completa as oracións coa forma verbal indicada.**

- A túa nai \_\_\_\_\_ (3.<sup>a</sup> persoa de singular do pretérito de indicativo do verbo *dicir*) que \_\_\_\_\_ (2.<sup>a</sup> persoa de singular do pretérito de subxuntivo do verbo *chamar*) ao chegar a casa.
- \_\_\_\_\_ (2.<sup>a</sup> persoa de plural do imperativo do verbo *recolher*) a roupa que \_\_\_\_\_ (3.<sup>a</sup> persoa de singular do presente de indicativo do verbo *estar*) \_\_\_\_\_ (xerundio do verbo *chover*).

**9. Subliña as formas verbais en infinitivo conxugado e di o que indican (número e persoa).**

- Para facerdes este doce necesitades un bote de marmelo.

- 
- Saíron correndo á rúa ao escoitaren o estrondo.

- 
- Non fai moita calor para estares tan abrigado?

- 
- Tomarei un baño ao chegamos a casa.

**10. Define e pon un exemplo.**

Palabras parónimas: \_\_\_\_\_

---

---

Palabras heterónimas: \_\_\_\_\_

---

---

**11. Escribe un exemplo de personificación e despois indica o recurso literario que aparece en cada estrofa.**

---

Dáme o doce desespero  
de non saber se me quere  
morréndome do que a quero!

Ramón CABANILLAS

Paseniño, pasenijo  
vou pola tarde calada  
de Bastabales camiño

Rosalía DE CASTRO

**12. Explica a diferenza entre biografía e autobiografía.**

---

---

---